



ELECCIÓN DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR CURSO 2022/23

De conformidade co establecido na *Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG, 30/09/2021)*, a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG, 29/04/1988), modificado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG 09/09/1996), corresponde elixir no presente proceso electoral a **UN** representante do profesorado dos DOUS que debe ter o CONSELLO ESCOLAR.
2. O censo electoral do profesorado estará exposto a partir da data de hoxe no TABOLEIRO DE ANUNCIOS do centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar ante a Xunta Electoral a partir do día de hoxe ata as 23:59 horas do 18 de novembro.
4. A mesa electoral estará formada polo director do centro, que actuará como presidente, e os profesores de maior e menor idade, actuando este último como secretario.
5. Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **UN** nome da lista de candidatos.
6. O voto será directo, secreto e non delegable.
7. O día 16 de novembro, ás 16:15 horas, haberá un claustro informativo no que se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así como tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro Extraordinario para a elección dos mesmos.
8. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

CESURAS, a 03 de novembro de 2022
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

ASDO.: Israel Arranz Carreño

